

PROGRAMACIÓN

**5º EDUCACIÓN
INFANTIL**

**CEIP PLURILINGÜE
CEDEIRA**



(Curso 2021-2022)

1. CONTEXTUALIZACIÓN

A aula de 5º de educación infantil está constituída por 14 nenos e nenas, Trátase dun grupo heteroxéneo tanto a nivel de autonomía como a nivel académico. No pasado mes de maio tivemos unha nova incorporación.

2. OBXETIVOS

Os obxectivos que pretendemos que acade o alumnado de catro anos son os seguintes.

- ⇒ **Respecto á área de coñecemento de sí mesmo e autonomía persoal:**
- ☛ Vivir a actividade sensomotriz, de forma que lle permita coñecer e representar o seu corpo e os seus elementos mellorando progresivamente a súa coordinación e control.
 - ☛ Progresar no coñecemento e estruturación do esquema corporal.
 - ☛ Identificar as características, cualidades, posibilidades e limitacións persoais.
 - ☛ Tomar conciencia das diferenzas físicas entre o seu corpo e o dos demais, valorándoas sen actitudes de discriminación e aceptando a diversidade como unha realidade enriquecedora.
 - ☛ Aumentar o sentimento de autoconfianza e a capacidade de iniciativa na resolución de problemas da vida cotiá e desenvolvendo diferentes estratexias que lle permitan cada vez maior autonomía.
 - ☛ Afianzar a coordinación óculo-manual necesaria para as habilidades motoras de carácter fino.
 - ☛ Desenvolver progresivamente a lateralidade, sendo capaz de interpretar nocións direccionais co seu corpo.
 - ☛ Continuar a adquisición de hábitos relacionados coa hixiene, a alimentación, a seguridade e o coidado, tanto persoal como do ambiente escolar.
 - ☛ Iniciarse no coñecemento de hábitos de vida saudable e a importancia da alimentación, distinguindo alimentos beneficiosos e prexudiciais para a saúde.

PROGRAMACIÓN 5º EDUCACIÓN INFANTIL

- Adquirir progresivamente hábitos de organización, constancia, atención, iniciativa e esforzo.
 - Desenvolver actitudes e hábitos sociais para a convivencia, como o respecto, o diálogo, a axuda, a negociación e a colaboración.
 - Identificar e localizar os sentidos, utilizándoos para percibir as distintas sensacións corporais e descubrir as calidades e propiedades dos obxectos.
 - Progresar na identificación de sentimentos, emocións, desexos e necesidades propias e os dos demais, sendo progresivamente capaces de denominalos, expresalos e comunicalos.
-
- Adquirir nocións básicas de orientación temporal e espacial, sendo capaz de aplicar estas nocións nas súas vivencias habituais.
 - Ser capaz de planificar e secuenciar a propia acción para resolver problemas da vida cotiá, desenvolvendo actitudes de colaboración e axuda con nenos, nenas e adultos, e adecuando o seu comportamento ás necesidades e demandas dos outros.

⇒ Os relacionados coa área de coñecemento do contorno son:

- Valorar, respectar e coidar o medio natural, intervindo na medida das súas posibilidades e desenvolvendo actitudes de coidado, respecto e responsabilidade na súa conservación: consumo racional, aforro enerxético e de auga, reciclaxe, reutilización...
- Ser progresivamente autónomo no ámbito escolar, establecendo relacións afectivas cos seus compañeiros e compañeiras e co mestre ou mestra, asimilando e respectando as normas de comportamento e organización da súa clase.
- Introducir distintos xogos tradicionais na súa rutina de ocio.
- Comprender a necesidade de coidar o medio ambiente e iniciarse en hábitos de reciclaxe.
- Coñecer costumes, festas, tradicións, cultura propios da súa comunidade.
- Coñecer distintos tipos de vivenda, actuais e doutras épocas.
- Iniciarse no coñecemento do universo e dalgúns fenómenos naturais.
- Observar e explorar o contorno natural, descubriendo os cambios (vexetais, climáticos, vestido...) que se producen nel coa chegada das diferentes estacións.
- Observar plantas próximas a el ou ela e de contornos e hábitats afastados, coñecendo as diferentes partes, algunhas características e cambios que se producen nos seus ciclos vitais valorando os beneficios que nos achegan e desenvolvendo actitudes de respecto e coidado cara a estes seres vivos.
- Asimilar as normas que rexen os grupos nos que se desenvolve, sendo capaz de adecuar o comportamento ás necesidades e demandas dos demais.

PROGRAMACIÓN 5º EDUCACIÓN INFANTIL

- ☛ Xerar actitudes de amizade, confianza, respecto e aprecio valorando a importancia da vida en grupo.
- ☛ Coñecer algunhas opcións de ocio e diversión coma o teatro, títeres, exposicións e parque zoolóxico aprendendo a comportarse adecuadamente neles.
- ☛ Adquirir novas nocións de orientación espacial, aplicando estas nocións e as xa aprendidas no seu propio corpo e nos obxectos.
- ☛ Adquirir nocións básicas de orientación temporal, iniciándose na estimación e medida do tempo, sendo capaz de aplicar estas nocións nas súas vivencias habituais.
- ☛ Observar, explorar e manipular obxectos e coleccións de obxectos, iniciándose nas habilidades matemáticas e na súa linguaxe a partir de situacións significativas.
- ☛ Identificar os atributos e calidades dos obxectos establecendo relacións de agrupamento, clasificación, comparación, seriación, secuenciación, orde, medición e cuantificación.
- ☛ Avanzar no coñecemento da serie numérica e na realización das súas graffas, iniciándose no concepto de cantidade, na expresión matemática e en operacións aritméticas coma a adición.
- ☛ Identificar e recoñecer algunhas formas xeométricas planas coma o rectángulo e o rombo, discriminando estas formas entre outras figuras xa coñecidas.
- ☛ Iniciarse no conteo e na realización de series sinxelas.
- ☛ Desenvolver o pensamento e o razoamento lóxico resolvendo sinxelos problemas na vida cotiá que impliquen habilidades matemáticas e establecendo as primeiras relacións causa-efecto.

⇒ **Na área de linguaxes, comunicación e representación traballaremos:**

- ☛ Empregar a lingua como instrumento de comunicación, de representación, de aprendizaxe e de expresión de ideas e sentimentos.
- ☛ Valorar a lingua oral como un medio de relación cos demais e de regulación da convivencia.
- ☛ Empregar o vocabulario relacionado cos proxectos que traballemos.
- ☛ Comprender as intencións e as mensaxes doutros nenos e nenas, dos adultos e mostrar unha actitude positiva cara á lingua.
- ☛ Expresarse cun léxico preciso e adecuado con pronunciación clara e entoación correcta, respectando as normas que rexen o intercambio lingüístico e adaptando a linguaxe ás diversas situacións para comprender e ser comprendido.
- ☛ Reforzar o significado das súas mensaxes mediante o uso de sinais extralingüísticos con significación para o neno e para a nena.

PROGRAMACIÓN 5º EDUCACIÓN INFANTIL

- ☛ Mostrar interese pola linguaxe escrita, explorando o seu funcionamento, valorándoa como instrumento de comunicación, información e gozo.
- ☛ Iniciarse na escritura aplicando unha correcta dirección no trazo, collendo adecuadamente o útil gráfico e adoptando unha posición correcta.
- ☛ Achegarse á literatura infantil comprendendo, reproducindo e recreando textos sinxelos de contos clásicos e de poemas literarios, mostrando actitudes de valoración, gozo e interese cara a eles.
- ☛ Mellorar a súa expresión oral aumentando progresivamente o seu vocabulario e construíndo frases cunha estruturación gradualmente correcta.
- ☛ Iniciarse nos usos sociais da lectura e da escritura valorándoa como instrumentos de comunicación, información e gozo.
- ☛ Mostrar interese cara aos instrumentos da linguaxe escrita, valorándoa como medio de comunicación e información.
- ☛ Iniciarse na comprensión de contos seguindo a secuencia temporal.
- ☛ Concienciarse progresivamente da relación da linguaxe oral coa representación gráfica por medio de imaxes e pictogramas.
- ☛ Favorecer a habilidade lectora, recoñecendo progresivamente as letras como compoñentes das palabras máis significativas do seu contorno.
- ☛ Utilizar outras linguaxes non verbais: xestual, corporal, musical, plástica...
- ☛ Comprender as mensaxes audiovisuais emitidas por algúns instrumentos tecnolóxicos (ordenador, televisión, cámara fotográfica, DVD, reprodutores musicais,...), entendendo a importancia e a necesidade de utilizalos moderadamente.
- ☛ Utilizar as técnicas e recursos básicos das formas de representación e expresión plástica, musical e corporal para aumentar as súas posibilidades comunicativas e desenvolver a creatividade.
- ☛ Iniciarse en novas técnicas da expresión plástica.
- ☛ Aplicar hábitos de hixiene e rutinas no uso do material de expresión plástica que faciliten a autonomía persoal e a colaboración co seu grupo social .
- ☛ Avanzar no coñecemento das posibilidades comunicativas e expresivas da música, aprendendo a discriminar sons, e fragmentos musicais e coñecendo novos instrumentos.
- ☛ Comprender que, por medio do corpo, pode expresar as súas emocións, necesidades, sentimentos e desexos, realizando diversos desprazamentos polo espazo experimentando as súas posibilidades expresivas.
- ☛ Coñecer o ruído que producen os obxectos, diferenciando ruído e música.
- ☛ Discriminar algúns sons producidos polo corpo, o contorno próximo, os medios de transporte, os fenómenos atmosféricos, dalgúns instrumentos musicais, dalgúns animais... a través da súa audición.
- ☛ Coñecer algunhas cancións infantís e participar en representacións musicais.
- ☛ Coñecer e manipular algúns instrumentos musicais.

PROGRAMACIÓN 5º EDUCACIÓN INFANTIL

- ☛ Participar e gozar coas audicións de cancións e coas dramatizacións que realizan na clase, sendo progresivamente creativos e mostrando iniciativ

3. CONTIDOS

▪ Área 1: Coñecemento de si mesmo/a e autonomía persoal

Contidos	Criteria de avaliación	Indicadores de logro
<p>Algúns elementos do corpo: a cabeza e as extremidades. Características diferenciais.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Coñecer progresivamente o seu esquema corporal, identificando as súas características persoais. 	<ul style="list-style-type: none"> • Sinala en si mesmo/a, nun compañeiro ou compañeira e nunha imaxe a cabeza e as extremidades. • Nomea os elementos da cabeza e do corpo únicos e dobres. • Nomea os elementos do corpo que ve cando está de fronte e os que se verían de costas. • Conta, de xeito adecuado á idade, como é: louro/a, moreno/a, alto/a, baixo/a, cor dos seus ollos... • Coñece algunhas características diferenciais de persoas doutras razas e culturas.
<p>Sentido da vista: os ollos. Sentido do gusto: a boca (lingua, labios, dentes...). Sentido do olfacto: o nariz. Sentido do oído: as orellas.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Descubrir as sensacións percibidas a través dos sentidos, localizándoos no seu corpo. 	<ul style="list-style-type: none"> • Sabe que os ollos serven para ver. • Discrimina algúns sabores. • Sabe que na boca se localiza o sentido do gusto. • Discrimina olores agradables e desagradables. • Sabe que no nariz se localiza o sentido do olfacto. • Discrimina diferentes sons. • Sabe que na orella se localiza o sentido do oído. • Sinala o sentido polo que se pode percibir unha determinada calidade. • Utiliza os sentidos para descubrir as calidades e propiedades dos obxectos.

PROGRAMACIÓN 5º EDUCACIÓN INFANTIL

<p>Movimentos e posturas do corpo. Progresiva coordinación e control. Progresivo control do ton, o equilibrio e a relaxación.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Coñecer as súas posibilidades e limitacións motoras e controlar progresivamente os seus movementos. 	<ul style="list-style-type: none"> • Adopta diferentes posturas en función da actividade que vai realizar. • Coñece as accións motoras que é capaz de realizar sen axuda e nas que necesita axuda para a súa realización. • Controla de xeito progresivo os seus movementos globais. • Controla a marcha e a parada. • Realiza movementos combinados co corpo. • Goza cos xogos e actividades psicomotoras. • Reláxase despois dun período de actividade intensa.
<p>Movimentos motores finos. Mellora na coordinación óculo-manual.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Progresar nas habilidades motoras de carácter fino. 	<ul style="list-style-type: none"> • Realiza trazos e grafías con progresiva precisión. • Utiliza os pequenos instrumentos adecuadamente. • Mellora a realización de actividades que requiren dunha habilidade motora fina.
<p>Imaxe global de si mesmo/a.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Elaborar unha imaxe axustada e positiva de si mesmo/a. 	<ul style="list-style-type: none"> • Identifica, de xeito adecuado á idade, algunhas calidades e limitacións. • Alégrase cando realiza as actividades e tarefas de forma correcta. • Ten un concepto positivo de si mesmo/a. • Gústalle facer as cousas por si mesmo/a. • Desexa aprender habilidades e destrezas novas.
<p>Hábitos de hixiene, alimentación, vestido e descanso.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Ser progresivamente autónomo/a nas actividades e rutinas diarias. 	<ul style="list-style-type: none"> • Lava as mans só/soa. • Sabe como debe comportarse na mesa. • Sabe que debe descansar o suficiente para poder xogar e traballar. • Intenta poñer e quitar só/soa algunha peza de vestir. • Contribúe, de xeito adecuado á idade, á limpeza e a orde dos espazos nos que se realizan estas actividades.

PROGRAMACIÓN 5º EDUCACIÓN INFANTIL

<p>Actividades cotiás: de xogo, de obrigas, de rutinas.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Desenvolverse con autonomía progresiva nas diferentes actividades que realiza. 	<ul style="list-style-type: none"> • Participa nos xogos cos seus compañeiros e compañeiras. • Comprende as regras que rexen os xogos e respéctas.
<p>Hábitos elementais de organización, constancia, atención, iniciativa e esforzo.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Mostrar constancia na realización das actividades e tarefas. 	<ul style="list-style-type: none"> • Adquire progresivamente hábitos de traballo. • Permanece atento/a. • Intenta realizar de novo as tarefas que non sabe. • Está contento/a na clase. • É participativo/a e mostra interese. • Permanece sentado/a naquelas actividades que o requiren.
<p>Hábitos de traballo en equipo.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Adquirir hábitos de traballo en equipo. 	<ul style="list-style-type: none"> • escoita a opinión dos seus compañeiros e compañeiras. • Resolve os pequenos conflitos que se lle formulan por medio do diálogo. • Participa nas actividades grupais.
<p>Coidado da saúde: exercicio físico e alimentación saudable.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Discriminar situacións favorables e prexudiciais para a saúde. • Iniciar en hábitos de reciclaxe. 	<ul style="list-style-type: none"> • Sabe que debe comer todo tipo de alimentos. • Comprende que debe facer exercicio físico e non permanecer moito tempo sentado/a fronte á TV. • Distingue alimentos beneficiosos e prexudiciais para a saúde. • Móstrase tranquilo/a ante os pequenos accidentes. • Utiliza axeitadamente as papeleiras do colexio atendendo a criterios de reciclaxe.
<p>Educación emocional: alegría, enfado, tristura medo, xenerosidade, vergoña,...</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Identificar, expresar e controlar sentimentos e emocións básicas. 	<ul style="list-style-type: none"> • Identifica as expresións faciais das emocións traballadas en si mesmo/a e nos demais. • Controla de xeito adecuado á idade as súas emocións. • Intenta superarse cando sente vergoña. • Mostra actitudes de xenerosidade. • Acepta as demostracións de afecto dos demais.

PROGRAMACIÓN 5º EDUCACIÓN INFANTIL

<p>Diversidade e tolerancia.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Demostrar actitudes de respecto cara a todas as persoas independentemente das súas características físicas ou pertenza a unha determinada raza. 	<ul style="list-style-type: none"> • É respectuoso con todos os compañeiros e compañeiras. • Non discrimina ningún compañeiro ou compañeira no xogo. • Sabe que hai nenos e nenas con costumes diferentes aos seus.
---	---	--

▪ **Área 2: Coñecemento do contorno (medio físico, natural, social e cultural)**

Contidos	Criterios de avaliación	Indicadores de logro
<p>As estacións do ano.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Coñecer e nomear algúns dos cambios que se producen no medio coa chegada das estacións. 	<ul style="list-style-type: none"> • Sabe que no outono chove. • Coñece as pezas de vestir que se utilizan para protexerse da chuvia. • Identifica froitos propios do outono. • Sabe que no inverno debe protexerse do frío e que nalgúns lugares neva. • Relaciona pezas de vestir propias do inverno coas partes do corpo na que se poñen. • Sabe que na primavera deixa de ir frío. • Observa que na primavera o parque se enche de flores de cores e pequenos insectos e que pode permanecer máis tempo xogando nel. • Sabe que no verán as persoas vestimos doutro xeito e tomamos outros alimentos. • Sabe que no verán vai moita calor e hai que protexerse do sol.

<p>As plantas e as árbores: partes, ciclo vital, coidado e respecto. Alimentos de orixe vexetal. Profesionais relacionados co coidado das plantas: o/a xardineiro/a e o/a agricultor/a.</p> <p>-Fenómenos naturais: volcáns.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Comprender a importancia das plantas para as persoas e iniciarse en actitudes de coidado e respecto cara a elas. Valorar o traballo realizado polos profesionais que se encargan do seu coidado. • Coñecer as características dos volcáns 	<ul style="list-style-type: none"> • Nomea as partes dunha planta. • Nomea algúns alimentos que proceden das plantas. • Comprende que debemos coidar as árbores e plantas porque son necesarias para as persoas. • Diferenza ás dúas árbores máis características do noso entorno: castiñeiro e carballo. • Colabora no coidado das pequenas plantas obtidas partir de sementar lentellas. • Diferencia o traballo realizado polo/a xardineiro/a e o/a agricultor/a. • Sabe por qué se producen os volcáns. • Recoñece as partes dun volcán. • Comprende as consecuencias devastadoras deste fenómeno natural.
<p>-As vivendas, evolución e tipos</p>	<p>-Coñecer distintos tipos de vivendas .</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Sabe cales foron as primeiras vivendas dos seres humanos. • Recoñece diferentes tipos de vivendas según o momento histórico (cova, castro, castelo, rañaceo). • Coñece as diferentes partes dunha casa e as súas funcións. • Comprende a importancia de disfrutar dunha vivenda digna e axeitada. • Gústalle participar nas festas que se celebran no colexio. • Disfruta cos preparativos que se realizan para ditas festas. • Coñece que se celebra no Samaín, Nadal, Entroido...
<p>Festas tradicionais</p>	<p>Participar e coñecer as festas tradicionais propias da nosa zona.</p>	

PROGRAMACIÓN 5º EDUCACIÓN INFANTIL

<p>A serie numérica: cardinais do 1 ao 10. Direccionalidade e grafía. Ordinais do 1º ao 10º. Ordenación temporal: primeiro e último.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Identificar e realizar a grafía dos números do 1 ao 10, asociándoos coas cantidades correspondentes e relacionando cada número co seu ordinal. 	<ul style="list-style-type: none"> • Coñece a direccionalidade dos números. • Realiza a grafía dos números traballados. • Asocia os números coas cantidades correspondentes. • Sabe contar ata 10. • Ordena coleccións do 1º ao 10º.
<p>Formas planas: rectángulo e rombo.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Identificar e discriminar as figuras planas traballadas, localizando estas formas nos obxectos do seu contorno. 	<ul style="list-style-type: none"> • Sinala obxectos coas formas traballadas. • Nomea obxectos coas formas traballadas. • Realiza de xeito axustado á idade o debuxo dun rectángulo e un rombo.
<p>Nocións espaciais: dentro-fóra, arriba-abaixo, enriba-debaixo, diante-detrás, preto-lonxe, arredor, sobre-baixo...</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Localizar obxectos e localizarse a si mesmo/a no espazo atendendo aos contidos traballados. 	<ul style="list-style-type: none"> • Sinala obxectos que se encontran en diferentes situacións espaciais nomeadas. • Localiza obxectos que se encontran en diferentes situacións espaciais. • Localiza obxectos e a si mesmo/a atendendo os criterios traballados. • Realiza clasificacións e agrupacións atendendo a estes criterios traballados.
<p>Cuantificadores básicos: cheo-baleiro, enteiro-metade, tantos como.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Discriminar adecuadamente os cuantificadores traballados e realizar clasificacións e agrupacións atendendo a eles. 	<ul style="list-style-type: none"> • Comprende os cuantificadores traballados. • Diferencia se un conxunto ten tantos elementos como outro. • Realiza clasificacións e agrupacións atendendo aos criterios traballados.
<p>Tamaños e medidas: grande-pequeno, curto-longo, alto-baixo, fino-groso.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Diferenciar os tamaños traballados e realizar estimacións moi simples de medidas. 	<ul style="list-style-type: none"> • Sinala obxectos e elementos grandes e pequenos. • Discrimina obxectos longos e curtos. • Nomea nunha situación dada os obxectos, elementos ou personaxes altos ou baixos. • Diferencia obxectos e elementos grosos e delgados. • Realiza clasificacións e agrupacións atendendo ás nocións traballadas.

PROGRAMACIÓN 5º EDUCACIÓN INFANTIL

<p>Propiedades dos obxectos: cores, aberto-pechado, igual-diferente, duro-brando, liso-suave-áspero, simetría.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Observar e discriminar as propiedades dos obxectos tendo en conta os contidos traballados. 	<ul style="list-style-type: none"> • Sinala obxectos da cor que lle nomeen. • Nomea obxectos e elementos que sempre son dunha determinada cor. • Sabe como se obteñen algunhas cores secundarias. • Identifica semellanzas e diferenzas en imaxes parecidas. • Discrimina diversas texturas. • Sabe se un obxecto ou elemento é duro ou brando. • Agrupa e clasifica obxectos tendo en conta as propiedades traballadas.
<p>Series sinxelas.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Realizar diferentes series alternando varios criterios. 	<ul style="list-style-type: none"> • Pon atención para determinar o criterio que segue unha serie. • Realiza adecuadamente as series propostas.
<p>Experiencias sinxelas.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Coñecer e establecer relacións sinxelas causa-efecto mediante a manipulación de obxectos e materiais e a través da realización de experiencias sinxelas. 	<ul style="list-style-type: none"> • Pon atención na explicación das diferentes experiencias. • Anticipa posibles resultados. • Comprende os efectos que a manipulación das persoas produce sobre os obxectos e materiais. • Desexa coñecer o porqué de determinados fenómenos.
<p>Resolución de problemas matemáticos moi sinxelos. Iniciación á suma.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Resolver problemas que xorden na súa vida cotiá utilizando os contidos matemáticos aprendidos. 	<ul style="list-style-type: none"> • Aplica os coñecementos adquiridos para resolver problemas nos que intervén o razoamento lóxico e as habilidades matemáticas. • Conta. • Agrupa. • Clasifica. • Discrimina. • Suma ata a cantidade 6.

▪ **Área 3: linguaxes: comunicación e representación**

Contidos	Criterios de avaliación	Indicadores de logro
----------	-------------------------	----------------------

PROGRAMACIÓN 5º EDUCACIÓN INFANTIL

<p>A linguaxe oral e a necesidade da comunicación. Ampliación progresiva do vocabulario.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Utilizar a comunicación oral para comunicarse e facerse entender cos seus iguais e co adulto. 	<ul style="list-style-type: none"> • Posúe un léxico adecuado á idade. • Articula e pronuncia de xeito progresivamente correcto. • Comunícase oralmente cos demais. • Sabe facerse entender. • Articula as frases adecuadamente. • Progresa o seu nivel de expresión oral. • Expresa os seus desexos, sentimentos, ideas e necesidades. • escoita os demais mentres falan. • Utiliza, de xeito progresivo, frases dunha estrutura gramatical máis complexa. • Utiliza algúns recursos extralingüísticos para facerse entender: xestos, entoación...
<p>Textos da tradición oral: contos, poesías, cancións...</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Comprender mensaxes e textos transmitidos de forma oral. 	<ul style="list-style-type: none"> • Progresa o seu nivel de comprensión verbal. • Comprende as mensaxes dos seus compañeiros e compañeiras. • Comprende os contos. • É capaz de contar coas súas propias palabras un conto previamente narrado. • Permanece atento/a na audición de contos e de historias. • Memoriza rimas e poesías sinxelas. • Participa nos diálogos da clase. • Achega ideas nas conversacións grupais.
<p>Instrumentos da lingua escrita: ilustracións, carteis, imaxes, etiquetas, fotografías, murais, contos...</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Mostrar interese polos diferentes soportes escritos presentes no seu contorno e iniciarse na comprensión da mensaxe que conteñen. 	<ul style="list-style-type: none"> • Gústalle observar e manipular diferentes soportes escritos: contos, fichas, cartolinas de imaxes, fotografías, murais... • Responde adecuadamente a preguntas formuladas sobre as imaxes que observa. • Observa, le e interpreta pictogramas, imaxes, códigos e etiquetas.

PROGRAMACIÓN 5º EDUCACIÓN INFANTIL

<p>Normas que rexen o intercambio lingüístico. Normas socialmente establecidas.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Coñecer as normas que rexen o intercambio lingüístico e aplicarlas nos seus intercambios orais. 	<ul style="list-style-type: none"> • Respecta a quenda de palabra. • Sabe que debe escoitar os demais nos diálogos da clase ou mentres o docente explica. • Mira a persoa que lle fala. • Solicita as cousas adecuadamente. • Saúda cando entra. • Despídese cando sae. • Dálles as grazas aos seus compañeiros, compañeiras e ao docente. • Sabe expresarse nos diferentes contextos nos que se relaciona.
<p>Iniciación na lectoescritura: trazos e grafías. Formación de estruturas gramaticais simples.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Iniciarse nos usos orais da lectura e da escritura, en función do seu nivel madurativo, interesándose polas situacións de lectura e de escritura da aula. 	<ul style="list-style-type: none"> • Goza nas situacións de lectura na clase. • Sabe a direccionalidade correcta da lectura. • Responde adecuadamente a preguntas formuladas sobre unha historia lida. • Sinala elementos e obxectos que se lle nomean. • Identifica os carteis que rotulan diferentes espazos da aula. • Colle o lapis e séntase adecuadamente para escribir. • Comeza a orientarse no espazo gráfico. • Realiza trazos e grafías con progresiva precisión. • Coñece a grafía do seu nome e a dalgunhas letras. • Coida adecuadamente os libros e contos propios e os da clase. • Nomea algunha calidade dos obxectos.
<p>Realización de descrições sinxelas.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Iniciarse na descrição de elementos moi familiares do seu contorno utilizando progresiva e adecuadamente frases de maior complexidade. 	<ul style="list-style-type: none"> • Descríbese a si mesmo/a de xeito sinxelo. • Relata sucesos que lle aconteceron na súa vida cotiá. • Describe de xeito moi sinxelo o obxecto, personaxe, animal..., que se lle nomea. • Ordena temporalmente os sucesos acontecidos.

<p>Técnicas, materiais, útiles da expresión plástica.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Expresarse e comunicarse utilizando os medios, as técnicas e os materiais da expresión plástica, gozando coa realización das súas producións. 	<ul style="list-style-type: none"> • Goza coa realización de traballos plásticos. • É creativo/a nas súas producións. • Coida os materiais e útiles das actividades plásticas. • Goza utilizando diferentes técnicas: estampando, pintando coas mans, punteando, pegando, amasando plastilina, pegando boliñas de papel de seda, coloreando, mesturando as cores, experimentando con elas,... • Pica seguindo unha pauta. • Gusta de participar nas actividades plásticas realizadas en grupo.
<p>Posibilidades expresivas do corpo. Sentimentos e emocións e a súa expresión corporal.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Utilizar as posibilidades expresivas do seu corpo para comunicar sentimentos e emocións gozando nas actividades de expresión corporal. 	<ul style="list-style-type: none"> • É capaz de xesticular coa cara diferentes emocións. • Segue co corpo diferentes ritmos e melodías. • Controla de xeito progresivo o seu corpo. • Sabe relaxarse despois dunha intensa actividade corporal.
<p>Linguaxe musical: discriminación de sons relacionados cos contidos traballados, algunhas calidades do son (duración, intensidade...) e coñecemento dalgúns instrumentos musicais.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Desenvolver a discriminación auditiva para identificar diversos sons, diferenciando entre ruído e silencio e coñecendo algunhas propiedades do son. Comprender que a música é un medio para comunicar sentimentos, ideas... 	<ul style="list-style-type: none"> • Diferencia entre son e silencio. • Identifica sons producidos polo corpo. • Recoñece sons producidos por obxectos da clase e da casa. • Nomea o medio de transporte que produce un determinado son despois de escoitalo. • Coñece os sons que producen determinados fenómenos atmosféricos. • Diferencia entre sons longos e sons curtos. • Coñece melodías doutros pobos do mundo. • Goza coa audición dalgúns obras de autores clásicos. • Discrimina o son producido por algúns instrumentos musicais. • Memoriza algunhas cancións da clase. • Goza coas actividades musicais.

<p>Linguaxe tecnolóxica: achegamento a diversas producións audiovisuais (películas, debuxos animados, contos dixitais) e recursos tecnolóxicos (ordenador, encerado dixital...).</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Comprender de xeito adecuado á idade a mensaxe que transmiten os medios tecnolóxicos, sabendo que debe facer un uso supervisado e moderado destes. 	<ul style="list-style-type: none"> • Sabe que co ordenador nos podemos comunicar e informar. • Sabe que non debe permanecer moito tempo vendo a TV ou co ordenador. • Manexa o rato adecuadamente. • Participa activamente nas actividades co PDI.
---	--	--

MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

A diversidade de intereses, capacidades, motivacións, é un feito. Esta diversidade enriquece a nosa escola onde todos aportamos, todos axudamos e todos somos respectados.

Tentaremos dar una resposta educativa a dita diversidade tendo en conta o Decreto 229/2011. A resposta educativa para atender a esa diversidade desenvólvese de xeito concreto no centro e na aula desde a PXA, o PE e mais concretamente na Programación de aula, e deberá resolverse en función de cada contexto e nun triple ámbito: o curricular, o metodolóxico e o organizativo. Dende o ámbito curricular hai que analizar posibles medidas curriculares que inclúen as de carácter metodolóxico; adecuación de obxectivos, contidos e avaliación. Dende o ámbito organizativo, as características que favorecen a diversidade son: flexibilidade, funcionalidade, participación e comunicación.

CRITERIOS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

Todas e cada unha das actividades a realizar se adaptarán as características e peculiaridades dos nenos/as do grupo-clase. Para atender a diversidade na aula temos que ter en conta:

- Propor actividades que se leven a cabo con distintos tipos de agrupamentos.
- Propor actividades con diversos graos de realización.
- Diseñar actividades diversas para traballar un mesmo contido.
- Propor actividades que permitan diferentes posibilidades de execución.
- Preparar o traballo de forma sinxela, dando a tarefa máis estruturada.
- Facilitar a execución da tarefa ofrecéndolle recursos didácticos necesarios.
- Adecuar a linguaxe segundo o nivel de comprensión dos alumnos/as.
- Seleccionar técnicas e estratexias que sexan útiles para todos os alumnos/as, incluídos os que presentan necesidades educativas especiais.

PROGRAMACIÓN 5º EDUCACIÓN INFANTIL

- Proporcionar os materiais necesarios para a realización das actividades de avaliación en función das características do alumno/a.
- Achegar todo tipo de información ao Departamento de Orientación.
- Proporcionar orientación as familias (pautas de actuación, actividades...).
- Atención individualizada na aula do especialista en P.T. e en A.L.